

**ACTA Nº 14/2015
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 24 DE SETEMBRO DE 2015 -**

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG
(INCORPÓRASE AS 20:19 H)
XUSTO XOSE ORDOÑEZ OTERO.- BNG
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP
JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP
Mª JESUS GALBAN TEJEIRO.- PP
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE
BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

Concelleiros ausentes:

Interventora:

Patricia Fernández Pérez

Secretaria accidental:

Vicenta A. Campaña Martinez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:02 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DIA

- 1º.- TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELLEIRA CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ
- 2º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
- 3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 4º.- DACIÓN DE CONTA DOS CONCELLEIROS QUE COMPOÑEN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-
- 5º.- DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 436/2015 NOMEAMENTO DEDICACIÓNS CORPORACIÓN 2015-2019.-
- 6º.- DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 501/2015 DELEGACIÓN PRESIDENCIA NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
- 7º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014.
- 8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 8/2015
- 9.- NON AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES CON ANIMAIS EN BENS MUNICIPAIS
- 10º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.
- 11º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELLEIRA CELSA MARÍA MIGUENS PÉREZ

O Alcalde da a palabra á Secretaria accidental para este asunto.

Dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona a favor da concelleira seguinte:

- Dona Celsa María Miguéns Pérez en substitución, por falecemento do concelleiro D. José Ricardo Besada Gesto.

A candidata electa en cumprimento do disposto no número 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, do 21 de abril, presentou declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais ante a Secretaria do Concello no día de onte.

Caso de concorrer nalgunha incompatibilidade informaráselle e se someterá á declaración plenaria, debendo a concelleira en cuestión optar pola renuncia ao cargo de concelleiro ou á actividade que a ocasiona no prazo de dez días dende aquel momento.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, a Sra. Concelleira debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleira, **debe xurar ou prometer acatamento á Constitución**, segundo a fórmula seguinte: "*xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*".

Procédese a chamar á Sra. Concelleira, que unha vez identificada realiza a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo a fórmula legal.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Acta Nº 12 Sesión Extraordinaria urxente do día 23 de xullo de 2015.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

Acta Nº 13 Sesión ordinaria do día 30 de xullo de 2015.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A Voceira do PSdeG-PSOE, M^a Carmen Figueira Ares, indica que na moción do PSOE de solicitude de Pediatra para o Centro de Saúde, na xustificación da urxencia onde dí sen pediatra, se engada: ou con pediatra co cupo masificado.

A Voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, indica que na súa intervención do debate do recoñecemento extraxudicial nº 7/2015, na súa intervención se engada provedores ou contratista. Tamén que na intervención da moción de solicitude de pediatra se engada: Que leva anos o BNG pedindo e que ademais do pediatra se inclúa os demais profesionais sanitarios.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda APROBADA cas observacións indicadas a acta citada por unanimidade dos presentes.-

3.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/07/2015 ata o 31/08/2015, que comprenden os números 357/2015 ao 473/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 14 da Sesión extraordinaria do día 09/07/2015
- Acta Nº 15 da Sesión ordinaria do día 27/07/2015
- Acta Nº 16 da Sesión ordinaria do día 10/08/2015
- Acta Nº 17 da Sesión extraordinaria do día 27/08/2015

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

Neste intre incorpórase a Concelleira D^a Hadriana Ordóñez Otero.

4.- DACIÓN DE CONTA DOS CONCELLEIROS QUE COMPOÑEN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

Pola Presidencia dáse conta dos escritos presentados polos grupos políticos que integran a Corporación, para adscribir os seus membros ás diferentes Comisións informativas creadas polo Pleno da Corporación (PSOE rex. entrada nº 6073 de data 17/07/2015 e rexistro de entrada 6260 do 28/07/2015, SON rex. entrada nº 6092 de data 17/07/2015, BNG rex. entrada nº 6123, de data 21/07/2015, PP rex entrada nº 6204, de data 23/07/2015).

Procedeuse entón, o día 28/07/2015, a convocar a sesión constitutiva de cada unha das Comisións Informativas acordadas na sesión plenaria.

En consecuencia os membros das diferentes Comisións Informativas son os seguintes:

COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE.

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D^a Hadriana Ordoñez Otero.- Suplente: D^a Adelina Ces Quintans

- Grupo P.P.:

Titular: D^a María Jesús Galbán Teijeiro.- Suplente: D^a Elisa Bouzas Vicente.

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: Dª María Demelsa Iglesias Collazo.- Suplente: Dª Beatriz Lafuente Pimentel.

- Grupo SON- Rianxo en Comun:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martinez

COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCION ECONOMICA, DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE.

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: Dª Adelina Ces Quintáns.- Suplente: D. Tobias Betanzos Rego

- Grupo P.P.:

Titular: Dª Elisa Bouzas Vicente.- Suplente: D. José Norberto Uzal Tresandí.

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: Dª Beatriz Lafuente Pimentel.- Suplente: D. Francisco Javier García Ares.

- Grupo SON- Rianxo en Comun:

Titular: D. Juan Antonio Losada Martinez.- Suplente: D. Antonio Castro Castro

COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES E PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D. Xusto Xosé Ordoñez Figueira.- Suplente: Dª Hadriana Ordoñez Otero

- Grupo P.P.:

Titular: Dª Elisa Bouzas Vicente.- Suplente: Dª María Jesús Glabán Teijeiro.

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D. Francisco Javier García Ares.- Suplente: Dª Beatriz Lafuente Pimentel.

- Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martinez.

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D. Tobías Betanzos Rego.- Suplente: D^a Adelina Ces Quintáns.

- Grupo P.P.:

Titular: D. José Norberto Uzal Tresandí.- Suplente: D^a María Vanesa Martínez Duran.

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D^a María Demelsa Iglesias Collazo.- Suplente: D^a María del Carmen Figueira Ares.

- Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Juan Antonio Losada Martínez.- Suplente: D. Antonio Castro Castro

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, AREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS – SERVICIOS MUNICIPAIS.

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D. Tobías Betanzos Rego.- Suplente: D^a Raquel García Abuin.

- Grupo P.P.:

Titular: D^a María Vanesa Martínez Duran.- Suplente: D^a Elisa Bouzas Vicente.

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D^a María Carmen Figueira Ares.- Suplente: D. Francisco Javier García Ares.

- Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martínez.

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D. Tobías Betanzos Rego.- Suplente: D^a Raquel García Abuin.

- Grupo P.P.:

Titular: D. José Norberto Uzal Tresandía.- Suplente: D^a María Vanesa Martínez Duran.

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D^a María Demelsa Iglesias Collazo.- Suplente: D^a Beatriz Lafuente Pimentel

- Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Juan Antonio Losada Martínez.- Suplente: D. Antonio Castro Castro.

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D. Xusto Xosé Ordoñez Figueira.- Suplente: D^a Adelina Ces Quintáns.

- Grupo P.P.:

Titular: D^a María Vanesa Martínez Duran.- Suplente: D. José Norberto Uzal Tresandí.

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D^a María del Carmen Figueira Ares.- Suplente: D. Francisco Javier García Ares.

- Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martínez.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

5.- DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 436/2015 NOMEAMENTO DEDICACIÓNS CORPORACIÓN 2015-2019.-

O Sr. Alcalde da conta da R.A. nº 436/2015 aos membros do pleno corporativo.

<<ASUNTO: NOMEAMENTO DEDICACIÓNS CORPORACION 2015-2019.

Na sesión plenaria celebrada o día 09 de xullo de 2015 aprobouse a proposta da Alcaldía respecto das dedicacións exclusiva e parciais para os cargos que se contemplaban nela.

O 13 de xullo de 2015 presentáronse polas titulares das concellerías as que se asignou as dedicacións parciais a aceptación destas.

No pleno ordinario convocado para o 30/07/2015 darase conta da incompatibilidade e opción pola Alcaldía pola dedicación exclusiva como Alcalde con efectos retroactivos ao 13/06/2015.

Asemade no informe de secretaria e intervención emitido sobor da proposta das dedicacións indicouse respecto das dedicacións parciais: <<A renuncia ou aceptación das dedicacións deberán efectuarse por escrito, e os concelleiros que opten por aceptar as dedicacións deberán tramitar eles a resolución da súa situación laboral ante a entidade de que dependan a ditos efectos, comunicándose á Secretaría a resolución en cuestión.>>

Cómpre engadir que no caso da D.^a Adelina Ces Quintáns, persoal noutra administración pública segundo certificado aportado ao seu expediente, deberá exercer a dedicación parcial fora da súa xornada como tal.

Polo exposto, e ao abeiro do estipulado no artigo 75 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85, procede por esta Alcaldía determinar quen se corresponde coas dedicacións aprobadas, e en consecuencia RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a seguinte relación conforme ao acordado polo pleno:

CARGO	DEDICACIÓN	Corporativo	Comezo efectos
ALCALDIA	Exclusiva	ADOLFO F. MUIÑOS SÁNCHEZ	13/06/2015
Concelleiro/a delegado/a de Benestar Social, Igualdade e Diversidade	Parcial - 30 h	HADRIANA ORDOÑEZ OTERO	01/08/2015

Concelleiro/a delegado/a de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Comercio, Turismo e Medio ambiente	Parcial – 30 h	ADELINA CES QUINTÁNS	01/08/2015
--	----------------	----------------------	------------

Segundo: Notificar aos interesados co réxime de recursos correspondentes, e cara a que a que presenten ante a entidade de que dependan para os efectos pertinentes, comunicándose ao pleno na seguinte sesión ordinaria.>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

6º.- DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 501/2015 DELEGACIÓN PRESIDENCIA NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

O Sr. Alcalde da conta da R.A. nº 501/2015 aos membros do pleno corporativo.

ASUNTO: DELEGACIÓN PRESIDENCIA NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Na sesión plenaria celebrada o día 09/07/2015 aprobouse a proposta da Alcaldía respecto da composición das Comisións Informativas, de xeito que, formarían parte de cada unha 1 concelleiro de cada grupo político municipal, sendo o Alcalde o Presidente nato da Comisións Informativas.

Vista a proposta efectuada polas distintas Comisiones Informativas constituídas en data 28 de xullo de 2015, e trala correspondente elección efectuada no seu seno.

A Secretaria lembra que podería propoñer noutro membro da corporación, e que non conta na composición a Presidencia, mais a Alcaldía estima que prefire esta composición para garantir unha maior paridade na composición destes órganos.

Polo exposto, e en base á proposta de delegación efectuada, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro:

Delegar o exercicio efectivo da Presidencia das seguintes Comisións Informativas municipais, das cales é presidente nato o titular da Alcaldía, nomeando Presidente das Comisións aos Concelleiros que a continuación se relacionan para cada unha delas, conforme a dita proposta:

- Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Diversidade: Hadriana Ordoñez Otero.
- Comisión Informativa de Promoción económica, Desenvolvemento Local, Comercio, Turismo e Medio Ambiente: Adelina Ces Quintáns.
- Comisión Informativa de Deportes e Patrimonio Histórico Cultura, Xuventude, Educación e Normalización: Raquel Garcia Abuín.
- Comisión Informativa de Economía, Facenda e participación veciñal: Tobias Betanzos Rego.
- Comisión Informativa de Urbanismo, área de rehabilitación e obras-servizos municipais: coincide a Presidencia efectiva e a condición á vez de vogal en Adolfo F. Muíños Sánchez.
- Comisión Informativa especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal coincide a Presidencia efectiva e a condición á vez de vogal en Adolfo F. Muíños Sánchez.

Segundo:

Dar conta desta Resolución ás Comisións Informativas correspondentes, e ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

7º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014.-

O Sr. Alcalde da conta da aprobación liquidación do orzamento 2014 por Decreto nº 273/2015 e informe de intervención de 21/05/2015 aos membros do pleno corporativo.

<<Presentada a liquidación do orzamento do exercicio 2014 e informada pola Intervención o 21/05/2015

Tendo en conta as facultades que, en materia de aprobación da liquidación, outórgame o artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que desenvólvese o capítulo primeiro do título sexto da dita lei

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento do exercicio 2014, co seguinte resumo:

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTOS	DEREITOS	OBRIGAS	AXUSTES	RESULTADO
a. Operacións correntes	6.453.443,41	5.230.441,71		1.223.001,70
b. Outras operacións non financeiras	142.507,67	341.588,49		-199.080,82
1. Total operacións non financeiras (a+b)	6.595.951,08	5.572.030,20		1.023.920,88
2. Activos financeiros		200,00		-200,00
3. Pasivos financeiros		1.265.871,42		-1.265.871,42
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	6.595.951,08	6.838.101,62		-242.150,54
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			193.920,54	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			289.895,18	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			144.650,50	339.165,22
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				97.014,68

REMANENTE DE TESOURERIA		
COMPONENTES	IMPORTES	
1. Fondos líquidos		287.385,64
2. Dereitos pendentes de cobro		1.175.972,32
- Do orzamento corrente	271.627,11	
- De orzamentos pechados	1.111.716,96	
- De operacións non orzamentarias	3.809,51	
- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	211.181,26	
3. Obrigas pendentes de pagamento		559.470,25
- Do orzamento corrente	394.136,25	
- De orzamentos pechados	47.434,01	
- De operacións non orzamentarias	231.282,55	
- Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	113.382,56	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)		903.887,71
II. Saldos de dubidoso cobro		898.682,15
III. Exceso de financiamento afectado		135.226,29
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		-130.020,73

Segundo: Darlle conta ao Pleno deste acordo, así como remitirle copia á Administración do Estado a través da aplicación telemática dispoñible na Oficina Virtual para as Entidades Locais, e á Comunidade Autónoma, de acordo cos artigos 193.4 e 193.5 do texto refundido da Lei reguladora as facendas locais e no artigo 91 do Real Decreto 500/1990.>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 8/2015.-

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<ista a seguinte relación de facturas, que ascende a 13.484,52 €, e que quedou pendente porque son facturas de exercizos anteriores ó 2015 e con rexistro de entrada no concello no exercizo actual, corresponde iniciar a súa tramitación mediante recoñecemento extraxudicial.

RELACIÓN DE FACTURAS F/2015/54

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ	Importe Total
F/2015/58	17/02/15	14	15/01/14	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	REPOSICION NOVO PUNTO DE LUZ NO PAZO	165	61900	377,40
F/2015/320	07/01/15	A-141672	31/12/14	B15413388	Figueira, S.L.	TUERCA CINCADA EXAGONAL E PARAFUSO PARA OBRAS	9203	22114	0,54
F/2015/323	08/01/15	6417	22/12/14	B15475585	Reyni,S.L.	6.000 LITROS GASOLEO PARA O AUDITORIO PEDIDO O 22-12-2014	334	22103	4.200,00
F/2015/324	12/01/15	114545	31/12/14	76503079L	MW Isabel Ces Hermo (Ferraxeria Aurora)	MATERIAIS PARA O DEPARTAMENTO DE OBRAS			79,63
F/2015/329	09/01/15	003/15	09/01/15	G15847478	Escola de Musica de Rianx	ACTUACIONES MUSICAIS GUIA PERSOEIROS DA CULTURAL AROUSA NORTE E ANUARIO DE BARBANTIA	334	22609	380,00
F/2015/395	28/01/15	V/3455	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA ARRANXOS EN COLEXIOS	323	21300	528,38
F/2015/398	12/01/15	2563	18/12/14	B70253687	Neumaticos Milocho, S.L.	PARCHAR RODA VEHICULO E-0521-BFJ	9203	21400	55,06
F/2015/399	12/01/15	2546	17/12/14	B70253687	Neumaticos Milocho, S.L.	FUSIBLES PARA OBRAS	9203	22111	6,35
F/2015/401	13/01/15	1/2015	07/01/15	33279322R	Imprenta Minergraf (Yolanda Varela Pérez)	CARTEIS E TRIPTICOS OUTONO CULTURAL 2014	334	22602	580,80
F/2015/403	13/01/15	A 957	31/12/14	B15518244	Auto Recambios Banbanza, S.L.	MATERIAIS PARA OBRAS, ACEITE, FILTRO AIRE.....	9203	22111	206,43
F/2015/407	14/01/15	5100602505	31/12/14	A28016814	Al Air Liquide España S.A.	ALUGUER BOTELLA DE OSIXENO.. ARCAL PARA A SOLDADURA	9203	22102	83,49
F/2015/420	19/01/15	26801140	15/01/15	G28029643	S.X.Autores e Editores	CANON POR REPRESENTACION A RATOEIRA O 25-10-2014	334	22699	140,66
F/2015/423	23/01/15	141304	30/12/14	B70229638	Hispania Protección y Seguridad, S.L.	REVISION EXTINTORES AUDITORIO	334	22799	29,04
F/2015/428	28/01/15	V/9118	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA OBRAS, AUDITORIO, CUARTEL VELLO E CEMITERIO			269,96
F/2015/430	28/01/15	V/9121	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAL VESTIARIO PARA OBRAS	9203	22104	25,81
F/2015/432	28/01/15	V/9123	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O MECANICO	9203	22111	113,75

F/2015/434	28/01/15	V/9119	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA COLEXIOS E GALINA AZUL				647,34
F/2015/443	26/02/15	1814	01/10/14	35317185H	DANIEL VAZQUEZ FONTAINA (ECOPLAGA, CONTROL DE PLAGAS)	TRATAMENTO DE CONTROL DE AVISPAS NO PATIO DO CEIP ANA MARIA DIEGUEZ O 26-09-2014	323	22799		598,95
F/2015/453	06/02/15	12	24/06/14	J70396379	A FIESTRA FOTOGRAFIA, S.C	REPORTAXE FOTOGRAFICA DA REPRESENTACION TEATRAL TAXI UN DIA POR TRES PARROQUIAS	334	22609		121,00
F/2015/462	28/01/15	X/2166	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	BATIDORA MOULINEX PARA A GALINA AZUL	323	62900		49,90
F/2015/799	27/03/15	047/2014	18/05/14	A70301510	Sermos Galiza, S.A.	PUBLICIDADE FALDÓN PAPEL E DIXITAL DIAS DAS LETRAS GALEGAS 2014	334	22602		605,00
F/2015/800	27/03/15	102/2014	01/08/14	A70301510	Sermos Galiza, S.A.	PUBLICIDADE DIA DA PATRIA. INSERCCIONS PUBLICITARIAS 2014	334	22602		605,00
F/2015/813	26/03/15	14/01917	30/11/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA A ESCOLA DE OUTEIRO	323	22114		18,71
F/2015/815	26/03/15	14/02059	31/12/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA O ALMACEN CARBALLEIRA	9203	22114		22,81
F/2015/919	26/02/15	FE14321158914851	27/10/14	33150108R	Manuel Martinez Somoza	FACTURACIÓN LUZ NAVE DE OBRAS. DENDE O 26-08-2014 Ó 20-10-2014	9203	20200		244,92
F/2015/920	26/02/15	FE13321126334650	01/07/13	33150108R	Manuel Martinez Somoza	FACTURACION LUZ NAVE DE OBRAS. DENDE O 26-04-2013 Ó 26-06-2013	9203	20200		231,84
F/2015/981	26/03/15	14/01918	30/11/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA				80,36
F/2015/994	09/03/15	20/14	13/08/14	G27033737	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA (FESSGA)	PROCESO DE SELECCION DE SOCORRISTAS 2014 (13/085/2014)	9201	22607		95,60
F/2015/998	19/01/15	HQ-000558-14	30/11/14	B15350382	Hormigones de Boiro, S.L.	PLATAFORMA ARTICULADA PARA PODA ARBORES CAMPO DE ARRIBA DENDE O 24-11-2014 O 01-12-2014	9203	22300		844,58
F/2015/999	13/01/15	49289	31/12/14	B15884471	Ferros do Barbanza, S.L.	MATERIAL PARA O ALMACEN	9203	22114		11,36
F/2015/1001	26/03/15	14/01915	30/11/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA TAXEA BUHIA	9203	22114		146,33
F/2015/1214	09/04/15	2-10/2014	01/10/14	B15754922	GALAICO DE EXTINTORES GARCIA E GONZALEZ, S.L.	40 MENUS PARA O EVENTO "CLAUSURA CURSOS UNED SENIOR"	912	22601		440,00
F/2015/1421	15/06/15	99-2	18/11/14	B27712439	ESTABILIZA ACUSTICA SL	COLOCACION BAFLES ACUSTICOS PARA A MELLORA DO TEMPO REVERBERACION C.S.C. DE ARANO	334	63900		1.539,56
F/2015/1557	02/02/15	20141635	30/06/14	B31596968	DAPP-PUBLICACIONES JURIDICAS	RENOVACION 2014/2015. CONTROL E FISCALIZACION PRESUPUESTO MUNICIPAL. ALBARAN NW 129108 DE 30/06/2014	931	22001		103,96
TOTAL										13.484,52

Por outra parte, está pendente de tramitación o pagamento ao profesor da UNED que impartía o curso *Cultura Musical da Galiza I* do curso 2013-14. Correspóndelle a seguinte liquidación, de acordo coa información seguinte:

UNED SENIOR - CURSO 2013-2014									
MATERIA	PROFESORADO	HORAS IMPARTIDAS	NÚMERO DE ALUMNADO	PREZO MATRICULA	INGRESOS TOTAIS	PAGO UNED SENIOR 75 €/alumno	CONCELLO 75 €/alumno/a	PROFESORADO 35 €/alumno/a	
Cultura Musical da	José Luis Dopico Orjais	28	7	50,00 €	350,00 €	52,50 €	52,50 €	245,00 €	

Galiza I								
----------	--	--	--	--	--	--	--	--

	HORAS TOTAIS	ALUMNADO	IMPORTE TOTAL
José Luis Dopico Orjais	28	7	245,00 €

Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Eco	Importe Total	Ret IRPF (15%)	Importe líquido
35454111W	José Luis Dopico Orjais	Impartición do curso de Cultura Musical da Galiza I Uned Senio curso 2013-14	334	22606	245,00 €	36,75 €	208,25 €

En relación aos cursos da Uned-Senior, o concello aprobou o prezo público para a inscrición nestas actividades de carácter cultural de importe de 50 €/alumno. O concello considerou que a distribución do dito importe sería o seguinte, tal e como reflicte a táboa anterior:

- 7,5 €/alumno como achega para a UNED para que sufrague os custos que asume nestas actuacións
- 35 €/alumno para o profesorado
- 7,5 €/alumno para o Concello de Rianxo

O 17/09/2015 a Intervención Municipal emitiu informe desfavorable IR 49/2015

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes, para evitar maior demora no seu abono.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base de execución 14ª.c) do orzamento

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DESTE ACORDO:

Primeiro: Resolución e levantamento do reparo suspensivo feito pola Intervención deste Concello e continuar coa tramitación do expediente de aprobación do gasto, da súa disposición e do recoñecemento de obrigas correspondentes aos gastos relacionados:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ	Importe Total
F/2015/58	17/02/15	14	15/01/14	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	REPOSICION NOVO PUNTO DE LUZ NO PAZO	165	61900	377,40
F/2015/320	07/01/15	A-141672	31/12/14	B15413388	Figueira, S.L.	TUERCA CINCADA EXAGONAL E PARAFUSO PARA OBRAS	9203	22114	0,54
F/2015/323	08/01/15	6417	22/12/14	B15475585	Reyni,S.L.	6.000 LITROS GASOLEO PARA O AUDITORIO PEDIDO O 22-12-2014	334	22103	4.200,00
F/2015/324	12/01/15	114545	31/12/14	76503079L	MW Isabel Ces O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobias Betanzos Rego, O concelleiro Tobias Betanzos Rego explica a proposta que se corresponde con gastos de exercicios anteriores, Hermo (Ferraxeria Aurora)	MATERIAIS PARA O DEPARTAMENTO DE OBRAS			79,63
F/2015/329	09/01/15	003/15	09/01/15	G15847478	Escola de Musica de Rianx	ACTUACIONES MUSICAIS GUIA PERSOEIROS DA CULTURAL AROUSA NORTE E ANUARIO DE BARBANTIA	334	22609	380,00
F/2015/395	28/01/15	V/3455	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA ARRANXOS EN COLEXIOS	323	21300	528,38
F/2015/398	12/01/15	2563	18/12/14	B70253687	Neumaticos Milocho, S.L.	PARCHAR RODA VEHICULO E-0521-BFJ	9203	21400	55,06
F/2015/399	12/01/15	2546	17/12/14	B70253687	Neumaticos Milocho, S.L.	FUSIBLES PARA OBRAS	9203	22111	6,35

F/2015/401	13/01/15	1/2015	07/01/15	33279322R	Imprenta Minergraf (Yolanda Varela Pérez)	CARTEIS E TRIPTICOS OUTONO CULTURAL 2014	334	22602	580,80
F/2015/403	13/01/15	A 957	31/12/14	B15518244	Auto Recambios Banbanza, S.L.	MATERIAIS PARA OBRAS, ACEITE, FILTRO AIRE.....	9203	22111	206,43
F/2015/407	14/01/15	5100602505	31/12/14	A28016814	Al Air Liquide España S.A.	ALUGUER BOTELLA DE OSIXENO, ARCAL PARA A SOLDADURA	9203	22102	83,49
F/2015/420	19/01/15	26801140	15/01/15	G28029643	S.X.Autores e Editores	CANON POR REPRESENTACION A RATOEIRA O 25-10-2014	334	22699	140,66
F/2015/423	23/01/15	141304	30/12/14	B70229638	Hispania Proteccion y Seguridad, S.L.	REVISION EXTINTORES AUDITORIO	334	22799	29,04
F/2015/428	28/01/15	V/9118	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA OBRAS, AUDITORIO, CUARTEL VELLO E CEMITERIO			269,96
F/2015/430	28/01/15	V/9121	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAL VESTIARIO PARA OBRAS	9203	22104	25,81
F/2015/432	28/01/15	V/9123	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O MECANICO	9203	22111	113,75
F/2015/434	28/01/15	V/9119	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA COLEXIOS E GALINA AZUL			647,34
F/2015/443	26/02/15	1814	01/10/14	35317185H	DANIEL VAZQUEZ FONTAÑA (ECOPLAGA, CONTROL DE PLAGAS)	TRATAMENTO DE CONTROL DE AVISPAS NO PATIO DO CEIP ANA MARIA DIEGUEZ O 26-09-2014	323	22799	598,95
F/2015/453	06/02/15	12	24/06/14	J70396379	A FIESTRA FOTOGRAFIA, S.C	REPORTAXE FOTOGRAFICA DA REPRESENTACION TEATRAL TAXI UN DIA POR TRES PARROQUIAS	334	22609	121,00
F/2015/462	28/01/15	X/2166	31/12/14	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	BATIDORA MOULINEX PARA A GALINA AZUL	323	62900	49,90
F/2015/799	27/03/15	047/2014	18/05/14	A70301510	Sermos Galiza, S.A.	PUBLICIDADE FALDÓN PAPEL E DIXITAL DIAS DAS LETRAS GALEGAS 2014	334	22602	605,00
F/2015/800	27/03/15	102/2014	01/08/14	A70301510	Sermos Galiza, S.A.	PUBLICIDADE DIA DA PATRIA. INSERCCIONS PUBLICITARIAS 2014	334	22602	605,00
F/2015/813	26/03/15	14/01917	30/11/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA A ESCOLA DE OUTEIRO	323	22114	18,71
F/2015/815	26/03/15	14/02059	31/12/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA O ALMACEN CARBALLEIRA	9203	22114	22,81
F/2015/919	26/02/15	FE14321158 914851	27/10/14	33150108R	Manuel Martinez Somoza	FACTURACIÓN LUZ NAVE DE OBRAS, DENDE O 26-08-2014 Ó 20-10-2014	9203	20200	244,92
F/2015/920	26/02/15	FE13321126 334650	01/07/13	33150108R	Manuel Martinez Somoza	FACTURACION LUZ NAVE DE OBRAS, DENDE O 26-04-2013 Ó 26-06-2013	9203	20200	231,84
F/2015/981	26/03/15	14/01918	30/11/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA			80,36
F/2015/994	09/03/15	20/14	13/08/14	G27033737	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA (FESSGA)	PROCESO DE SELECCION DE SOCORRISTAS 2014 (13/08/2014)	9201	22607	95,60
F/2015/998	19/01/15	HQ-000558- 14	30/11/14	B15350382	Hormigones de Boiro, S.L.	PLATAFORMA ARTICULADA PARA PODA ARBORES CAMPO DE ARRIBA DENDE O 24-11-2014 Ó 01-12-2014	9203	22300	844,58
F/2015/999	13/01/15	49289	31/12/14	B15884471	Ferros do Barbanza, S.L.	MATERIAL PARA O ALMACEN	9203	22114	11,36
F/2015/1001	26/03/15	14/01915	30/11/14	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA TAXEA BUHIA	9203	22114	146,33

F/2015/1214	09/04/15	2-10/2014	01/10/14	B15754922	GALAICO DE EXTINTORES GARCIA E GONZALEZ, S.L.	40 MENUS PARA O EVENTO "CLAUSURA CURSOS UNED SENIOR"	912	22601	440,00
F/2015/1421	15/06/15	99-2	18/11/14	B27712439	ESTABILIZA ACUSTICA SL	COLOCACION BAFLES ACUSTICOS PARA A MELLORA DO TEMPO REVERBERACION C.S.C. DE ARANO	334	63900	1.539,56
F/2015/1557	02/02/15	20141635	30/06/14	B31596968	DAPP-PUBLICACIONES JURIDICAS	RENOVACION 2014/2015. CONTROL E FISCALIZACION PRESUPUESTO MUNICIPAL. ALBARAN N° 129108 DE 30/06/2014	931	22001	103,96
TOTAL									13.484,52

Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Eco	Importe Total	Ret IRPF (15%)	Importe liquido	
35454111W	José Luis Dopico Orjais	Impartición do curso de Cultura Musical da Galiza I Uned Senio curso 2013-14		334	22606	245,00 €	36,75 €	208,25 €

Segundo: Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas dos gastos anteriores mediante recoñecemento extraxudicial 8/2015, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa do punto primeiro>>

O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobías Betanzos Rego,

O concelleiro Tobías Betanzos Rego explica a proposta que se corresponde con gastos de exercicios anteriores, di que o expediente xa foi visto na Comisión Informativa de Economía e Facenda e que ascende ao importe de 13.484,52 €. que son gastos das anualidades anteriores do 2014 e que non se poideron atender ao peche do exercicio 2014. Son gastos correntes, suministros, eventos, publicidade e que tamén se engadú a da Uned Senior. O expediente consta co informe favorable da Intervención Municipal e que ten 2 reparos: un por non ter desagregados os conceptos e outro por ser facturas reiteradas vinculadas ao servizo do alumeadado público por estar pendente de licitación. Servizo que se vai proceder a licitar á maior urxencia.

Dí que a pesares diso e dos reparos que se presentan, o Grupo de Goberno solicita a aprobación do referido expediente, para non retrasar mais os pagos aos provedores, Asumen os problemas do retraso e que se intentará correxir a medida do posible.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 21/09/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o voto do seu grupo vai ser positivo ao nº 8/2015. Que hai unha factura do ano 2013 e estamos acabando o ano 2015. Que son excesivos os recoñecementos e que seguramente vai ser a última vez que o apoiem. Tamén indica que se están por enriba dos 30 días de pago a provedores e que hai que intentar resolver esta situación, xa que afecta á liquidez de pequenos propietarios de empresas.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, di que o voto do seu grupo vai sei positivo, pero que non hai que abusar dos recoñecementos extraxudiciais e que todos os gastos deben ir acompañados da súa correspondente proposta de gasto .

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que ve que se vai aprobar polos demais grupos. O seu grupo váise abster, xa que é o número 8 do 2015.

Que están a favor de que se pague pero que contén facturas irregulares por non ter crédito. Que corresponden a exercicios pasados e que non queren opoñerse a que cobren os provedores, pero que aínda falta posiblemente aínda haberá outro recoñemento 9/2015 para traer. Que non todos os gastos partidas presupostarias. Indica que él sabe as partidas están ao límite polo crédito e que cando se solvente se faran os pagos primeiro e que despois xa se farán menos recoñementos extraxudiciais. Tamén é consciente de que moi corrente que os concellos fagan os referidos recoñementos por ser un término legal. Anuncia á abstención do seu grupo, pero están de acordo en que se pague os provedores.

A voceira do grupo do B.N.G, Adelina Ces Quintáns, amosa conformidade coa proposta, engadindo que o seu grupo votará a favor da proposta.

Polo Sr. Alcalde, indícase que efectivamente se poden traer menor número de recoñemento extraxudiciais, pero que entón serían de maior contía. Que o Concello de Rianxo, optou por unha fórmula de pagar o crédito excesivo que viña dende o ano 2009 e que houbo que axeitar moito ás partidas.

Que todos os cartos que destinaron ao crédito non poideron metelos noutros lado e que hai partidas nas que as veces os gastos son necesarios, coma a de cultura, asistencia social, etc., e non queren paralizar a administración xa que hai que realizar obras e diversas actividades.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), ceros votos en contra e 5 abstencións (dos 5 membros do grupo PP) dos 17 membros presentes que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

9.- NON AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES CON ANIMAIS EN BENS MUNICIPAIS.-

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muñíos Sánchez da conta da proposta de Alcaldía, que consta no expediente, que se transcribe a continuación:

<<Este concello recibiu o 04/08/2015 a petición da Asociación en defensa dos animais VOX ANIMA que insta a non autorización de circos con animais, carruseis de ponis e outras actuacións en espazos públicos.

Como queira que a Declaración Universal de Dereitos do Animal (1978), no seu artigo 4, di que: “ a) Todo animal pertencente a unha especie salvaxe ten dereito a vivir libre no seu propio ambiente natural, terrestre, aereo ou acuático e a reproducirse. b) Toda privación de liberdade, incluso aquela que teña fines educativos, é contraria a este dereito” ao que engadir o estipulado no artigo 10 cando di: “ Ningun animal debe ser explotado para esparcemento do home. b) as exhibicións dos animais e os espectáculos que se servan de animais son incompatibles coa dignidade do animal.”

Se ben os diferentes estadios normativos procuran salvaguardar o trato dos animais, con regulacións sobre a súa protección, transporte, comercio, sanidade etc, este concello quere adoptar unha medida en favor do benestar e protección dos animais que son empregados ou forman parte de actividades económicas.

Sabedores de que a lexislación non outorga ás administracións locais a potestade para prohibir as instalacións colectivas desta índole cando se efectúan en ben de titularidade privada en tanto cumpran todas as esixencias da normativa, sí que, sen embargo, pode o concello rexeitar a autorización deste tipo de actividades en espazos de titularidade municipal e asemade, tampouco permitir a colocación de propaganda ou publicidade desas actividades privadas en elementos municipais.

Polo exposto, propónse ao Pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Declarar, con carácter xeral, a non autorización de instalacións para actividades económicas realizadas con animais en espazos de titularidade municipal, rexeitando asemade a colocación de propaganda ou publicidade ningunha en elementos públicos deste concello.

Segundo. Darlle publicidade a este acordo na web municipal e sede electrónica para o seu coñecemento e efectos e comunicarllo ao departamento de Policía Local.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE, do día 21/09/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a proposta presentada.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, di que o seu grupo vai apoiar a proposta presentada.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que examinada a proposta presentada o seu grupo non está de acordo. Dí que se prohiben actividades dos animais en espazos público públicos e que dubidan da súa legalidade. Que están en contra do maltrato animal pero en contra da proposta. Indica que desa maneira tamén se está prohibindo o concurso canino, as feiras gandeiras, etc. Manifesta que o seu grupo está en contra do maltrato animal e que non se pode consentir, pero que o que se propón é demasiado restritivo e que incluso prohibe realizar actividades legais: venta de galiñas, páxaros en xaula, etc. E moi xenérica.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Intervén a concelleira **Dª Hadriana Ordóñez Otero**, manifestando que a documentación pasouse á Secretaria para saber se era legal e que a proposta vai en defensa dos animais e que é distinto á venda de galiñas, concurso de animais. Que ten outra finalidade e se o P.P. ten outra proposta pódese reconsiderar.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo vai votar en contra.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, amosa conformidade coa proposta do seu grupo.

Polo Sr. Alcalde indícase que quere prohibir as actividades recreativas, circos, etc polo maltrato animal. O texto no seu conxunto vai dirixido neste sentido, carruseis, exhibicións de animais salvaxes. Entende que incluíndo a consideración aos circos no primeiro parágrafo, poderíase solventar esta situación. Dí que é problemática a autorización aos circos nos espazos públicos. Indica que se pode facer o acordo máis explícito a circos, carruseis e ponis en espazos públicos.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que hai circos con animais que está ben coidados e que a actividade pode ser licenza e que non se pode prohibir con carácter xeral.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que a proposta refírese ben a espectáculos e que eso enmarca a proposta. Que non se refire a outra cousa. Os preámbulos están para delimitar o que se refire a proposta, pero que a ven ben.

Polo Alcalde, sinálase que se pode intentar poñer no acordo, que afecta ás especies animais dos parágrafos anteriores, para facelo ben. O acordo pode ser referido ás especies sinaladas nos parágrafos anteriores. Facer a proposta con referencia concreta aos 4 parágrafos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), cinco votos en contra (dos 5 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 17 membros presentes que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

10.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

10.1.- MOCION DO PSOE: SENTENZA DO XULGADO DO MERCANTIL DE PONTEVEDRA SOBRE A DENOMINACIÓN DE ORIXEN DO MEXILLÓN. R.E. Nº. 6254 do 27/07/2015)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do PSOE, Mª Carmen Figueira Ares, xustifica a urxencia pola problemática da denominación de orixe do mexillón xa que a Sentencia dou a razón e o Concello debe amosar o apoio.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do PSOE, Mª Carmen Figueira Ares, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia ven de obter mediante sentenza do Xulgado do Mercantil de Pontevedra, o recoñecemento de que o uso das mencións "de las Rías Gallegas", "fabricado en Galicia" e "envasado en Galicia" son unha vulneración da normativa da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia e que este tipo de práctica incorre en competencia desleal, cando se produce naquelas conservas que non estean amparadas pola DOP Mexillón de Galicia.

A sentenza desacredita a quenes viñan alegando que a DOP só protexe ao mexillón fresco e non abrangue aos produtos en conserva, ao decretar o xuíz que o mexillón en conserva inclúese dentro do amparo que establece o art. 13 do Regulamento UE 1151/2012 de protección das DOP, xa se trate do mesmo produto, dun produto comparable ou incluso sendo ingrediente, en resumo, en calquera que sexa a presentación comercial.

Así pois, a sentenza ratifica que a DOP é a única referencia legal á orixe galega do mexillón, indicando que quen non forma parte da DOP non pode amosar comercialmente o produto como procedente ou vinculado, en calquera modo, con Galicia, incluso si se indica a orixe verdadeira do produto.

É verdade, que esta sentenza non é firme (xa que contra ela cabe recurso de apelación) e refírese a unha empresa en concreto, sen embargo asenta criterios ao respecto do uso de mencións referidas á orixe galega dos produtos do mexillón, calquera que sexan estes, e de respecto á normativa de protección da DOP.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguintes ACORDOS:

1.- Instar á Consellería do Medio Rural e do Mar a fin de que, polo servizo antifraude da súa competencia, se procedan a realizar as correspondentes actuacións inspectoras e sancionadoras que correspondan en defensa dos intereses das familias e empresas que forman o sector do Mexillón en Galicia.

2.- Instar á Consellería de Economía e Industria a fin de que, polo Instituto Galego de Consumo, se procedan a realizar as correspondentes actuacións inspectoras e sancionadoras que correspondan en defensa dos intereses e dereitos dos consumidores.

3.- Facer público este posicionamento do Concello de Rianxo en apoio do sector do Mexillón de Galicia. >>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a moción presentada.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, di que o seu grupo vai apoiar a moción presentada.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo vai apoiar a moción presentada.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, di que o seu grupo vai apoiar a moción presentada. Indica que o BNG sempre apoiou ao sectores de produtos de Galicia, e que xa en decembro presentou unha moción. Indica que os grupos do P.P. e o PsdeG-PSOE parece que apoian cando lles convén. Dí que presentaron unha moción contra o libre tratado do comercio e o P.P. votou en contra o PsdeGPSOE abstívose e que impiden que podamos defender aos sectores productivos de Galicia e as leis comerciais por riba de calquera lexislación, desmantelando o sector e que sexan conscientes. Que van intentar que non se leve a cabo dado que se fixo mal e que no tratado de libre comercio as empresas pequenas son as afectadas.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, aprobándose por unanimidade, cos votos a favor do total dos 17 concelleiros presentes que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

10.2.- MOCION CONXUNTA PSOE-RIANXO EN COMÚN: SITUACIÓN DOS REFUXIADOS.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do PSG-PSOE coa conformidade do voceiro de SON (que achegaron cada un a respectiva proposta) o xustifica a urxencia, ante os graves acontecementos que se están producindo e a urxencia de adoptar medidas

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do PSOE, M^a Carmen Figueira Ares, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non podemos aceptar como inevitables as traxedias humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que se afogan no Mediterráneo ou se asfixian encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercé dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiión cara a un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán arriscando as súas vidas.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ao máximo en buscar solucións aos problemas e se fagan propostas para que todos os países da Unión Europea actúen conforme ao principio de solidariedade.

Desde logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas nacionais, europeas e internacionais, medidas a curto, medio e longo prazo, plans e perspectivas novas para un problema que se manifestou como nunca o fixo.

Debemos apartarnos do ensimesmamento ou da resignación que non conducen máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos de abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía española que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron cos que tamén tiveron que fuxir de España por motivos da guerra.

Seguramente non serán as únicas propostas válidas e viables, pero si consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na procura da pacificación dos países en conflito.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados, máis alá de meras operacións de imaxe e televisivas. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEMP.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que, así mesmo, procure previr a aparición actitudes racistas ou xenófobas, contidos estes que, por certo, estaban recollidos no curriculum daquela materia denominada *Educación para a Cidadanía*, obrigatoria no ensino deste país, que o PP con tanta saña e desvergonza atacou no seu día.
- Instar ao concello de Rianxo para que se comprometa a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio, preparando dispositivos de acollida, e convidar á cidadanía a implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, na atención e axuda aos refuxiados.>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que só quere engadir que estamos diante do exemplo de que as guerras fánse por interés dos ricos e os pobres pagan por elas. Que a xente non pode escapar, é xente traballadora e débese apoiar, xa que nadie esta libre.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo comparte a moción en liñas xerais, pero non comparte que se utilice de modo partidista calificando ao P.P. de non mirar nada. O P.P. está intentando resolver o problema.

Que é unha problemática da U.E. e que os estados non se poñen de acordo. España tamén viviu unha situación de guerra. Indica que están dispostos a apoiar se retiran os descalificativos ao P.P. e se os quita, o seu grupo apoia a moción.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, di que non é un ataque, e unha realidade, que se fai unha valoración do que se dá na escola e que non ve insultos e que se refire a todos os partidos da Unión Europea.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, insiste en que se retiran os calificativos apoian a moción. Dí que Rianxo e a Comunidade Autónoma non poden resolver o conflito. Manifesta que comparte a moción do mesmo asunto presentada polo grupo de Rianxo en Común.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, di que poden sacar os descalificativos que indica o voceiro do grupo popular se a van a apoiar.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que tamén deben retirar a mención da educación para a cidadanía.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, di que eso non vé que moleste.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo apoia a Moción e que Rianxo se propuxo como Concello de acollida e que se fará o posible para axudar os refuxiados. Que son cidadáns de pleno dereito. Indica que se constituirá unha comisión con todos os grupos ou unha mesa de coordinación pola concellería pertinente, para establecer os criterios de acollida dos refuxiados.

Polo Sr. Alcalde indícase que se debe intentar aprobar a moción por unanimidade. Que se pode poñer un punto en xenófobo e retirar o resto do parágrafo e engadir o punto proposto de que sexa FEMP, FEGAMP E CONCELLOS. Que hai que ter solidariedade e comprensión, e que levaría meses a estancia. Serán estancias nos Concellos de 6 meses mínimo e que o que se poña a disposición será por un amplo prazo. Indica que este concello colaborará e porá a disposición o que poida para axudar aos refuxiados. Que tendo en conta as palabras do Papa Francisco, porase a disposición o Pazo de Rianxiño por ter comedor.

Propón retirar o parágrafo do punto 4 dende dereitos humanos e engadir no punto 3 á FEGAMP e CONCELLOS.

Rematado o debate, sométese a moción coa emenda formulada a VOTACIÓN, aprobada por unanimidade dos presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA coa emenda sinalada sento o texto final o seguinte:**

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na procura da pacificación dos países en conflito.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados, máis alá de meras operacións de imaxe e televisivas. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA, FEMP, FEGAMP e CONCELLOS.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos.

- Instar ao concello de Rianxo para que se comprometa a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio, preparando dispositivos de acollida, e convidar á cidadanía a implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, na atención e axuda aos refuxiados.>>

10.3.- MOCION DO PSOE: MEDIDAS PARA EVITAR QUE SE SIGAN PRODUCINDO ACCIDENTES REITERADOS NA SAIDA 11 DA AG11.(R.E. nº. 7240 do 17/09/2015)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, defende a urxencia dado aos últimos accidentes producidos.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Mª Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moi a miúdo prodúcense incidentes na saída 11 da AG11 onde o 80% son saídas de vía e os restantes, son choques por alcance. Hai que ter en conta que nesa rotonda hai 7 entradas e saídas e sen ter iluminación. Debemos sinalar tamén, que a sinalización que hai neste momento pode ser confusa para quen non coñece a vía. Temos que recordar que puido ser por alí onde o 7/9/2015 un condutor entrou en sentido contrario na vía, causando, por desgraza, a morte de dúas persoas.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando á Xunta de Galicia a:

1º.- Dotar á citada rotonda da iluminación suficiente para que os/as usuarios/as poidan ver claramente as direccións que deben coller e así evitar que se poidan producir, outra vez, casos nos que se metan en sentido contrario.

2º.- Facer as comprobacións necesarias para que a sinalización sexa o máis clara posible e non dea pé a confusións, e todo isto, facelo extensible a tódalas entradas e saídas de tódalas vías deste tipo.

3º.- Adoptar as medidas necesarias (por exemplo, bandas rugosas) para que os/as usuarios/as moderen a velocidade nas entradas e saídas para así poder evitar, na medida do posible, tantas saídas de vía e choques por alcance como se están a producir. .>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a moción.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, di que o seu grupo apoia a moción.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo vai apoiar a moción, se ben indican que se faga constar tamén a administración competente coma o concello ou a deputación para outras vías de carácter provincial.

Indica que as bandas rugosas non pode ser unha solución que hai que buscar medidas máis axeitadas.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo vai apoiar a moción presentada e que se inclúa o km 17.

Polo Sr. Alcalde indícase que na saída de Catoiro non ten competencias. A xunta debería clarexar e poñer de acordo as Deputacións de A Coruña e Pontevedra para que a competencia non se comparta. A Deputación ten que iluminar a rotonda de Catoira e saídas. Na saída de Rianxo hai moitos accidentes que non son aparatosos debido ao estado do firme. Que se trasladou a Xunta de Galicia para que se incluíra a obra de mellora do firme.

Propón que se inclúa a saída de Rianxo no P.K. 17 como punto perigoso.

Rematado o debate, sométese a moción coa emenda formulada a VOTACIÓN, aprobada por unanimidade dos presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA coa emenda sinalada sento o texto final o seguinte:**

- 1º.- Dotar á citada rotonda da iluminación suficiente para que os/as usuarios/as poidan ver claramente as direccións que deben coller e así evitar que se poidan producir, outra vez, casos nos que se metan en sentido contrario.
- 2º.- Facer as comprobacións necesarias para que a sinalización sexa o máis clara posible e non dea pé a confusións, e todo isto, facelo extensible a tódalas entradas e saídas de tódalas vías deste tipo.
- 3º.- Adoptar as medidas necesarias (por exemplo, bandas rugosas) para que os/as usuarios/as moderen a velocidade nas entradas e saídas para así poder evitar, na medida do posible, tantas saídas de vía e choques por alcance como se están a producir.
- 4º.- Que se inclúa o P.K. 17 da saída de Rianxo na autovía, como punto perigoso.

10.4.- MOCION DO PSOE: RETIRAR A LEI ORGÁNICA 4/2015, DE 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DE SEGURIDADE CIDADÁ (LEI MORDAZA).

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, defende a urxencia con motivo da oposición de tódolos grupos á referida Lei .

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Mª Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP aprobou o pasado 11 de decembro, en solitario, a súa Lei de Seguridade Cidadá. Trátase dunha "lei mordaza" que rompe o espírito da Constitución. Esta lei non só non contou co respaldo parlamentario dos partidos da oposición se non que foi recorrida ante o Tribunal Constitucional por unha ampla maioría dos mesmos.

É evidente que o Goberno lle ten medo á contestación social, moléstalle e convirte á cidadanía que protesta en cidadáns e cidadás baixo sospeita. A lei mordaza é unha lei desmesurada e desproporcionada, tanto polas restricións que contempla como polo agravamento das contías das multas. Busca castigar máis, ofrecendo menos garantías xurídicas á cidadanía.

Ó Goberno do PP moléstalle a xente na rúa, pero o problema non son os cidadáns e cidadás que critican a acción do Goberno e a súas políticas antisociais. Se a dereita gobernante quere frear as protestas sociais que tanto lle perturban, o que debe facer é rectificar a súa política económica e botar freo á desigualdade, pero non arremeter contra o cidadán que protesta na rúa. Con esta lei, o PP demostra que non acepta o dereito á queixa e á discrepancia.

É evidente que coa escusa da crise, o PP recortou os dereitos sociais. Agora, coa escusa da seguridade, busca cernar as liberdades políticas e civís. Un novo recorte de dereitos que se suma ós xa perpetrados durante estes case catro anos do PP en educación, sanidade, dereitos laborais, xustiza.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada e na que se insta ó Goberno de España a:

Retirar a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxen indebidamente o exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ó noso Estado de Dereito.>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a moción. Coinciden ca exposición . Que o Estado constitucional busca presión social e rompeu a Constitución e que a segunda parte é controlar á poboación. Indica que se sinte completamente fora da Lei e que poderán arrestalo por facer calquer cousa e que 1/3 da poboación está en risco.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, anuncia o voto en contra do seu grupo e di que todo é demagogia motivado polo achegamento das eleccións. Dí que a Lei de Seguridade Cidadana aprobouna o PSOE, a Lei Corcuera, Indica que a Lei non é para restrinxir, senón que é para garantir os dereitos democráticos, que defende a Constitución e que establece os límites para todos poidan disfrutar os dereitos.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, di que o seu grupo vai apoiar a moción. Indica que a Lei capacita a administración política para atentar contra os dereitos dos cidadáns, que reforza á seguridade sen intervención xudicial e tamén ao poder.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, di que non coñece a Lei pero que se debe aprobar por consenso e que se fixo mal.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), 5 votos en contra (dos membros do grupo P.P.) e cero abstencións dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

10.5.- MOCION DO PSOE: REDUCIR O IVE CULTURAL (R.E. nº. 7239 do 17/09/2015)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, defende a urxencia dicindo que pasaron máis de 3 anos e que é necesario insistir no mesmo .

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

M^a Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de setembro de 2012, o Goberno do Partido Popular impuxo unha drástica subida do IVE Cultural sobre o consumo dos seus bens e servizos, con excepción do sector do libro, fixándoo na franxa máis alta de toda Europa: o 21%. Esta medida non tivo o impacto recadatorio desexado e supuxo un claro golpe para a cultura, tanto no referido á creación como no acceso á mesma pola cidadanía.

A subida desproporcionada do IVE está a prexudicar gravemente á Cultura como sector de oportunidade de crecemento económico e tamén ás posibilidades de acceso á mesma por parte da cidadanía.

A fiscalidade aplicada aos produtos da creación é unha tremenda mostra de miopía por parte deste Goberno; a Cultura, coas súas diferentes manifestacións e sensibilidades, enriquece, facilita e fortalece a convivencia na sociedade, e é un dos elementos básicos da nosa proxección internacional, sendo todo iso un dos mellores legados para as xeracións futuras.

As administracións locais non son alleas a esta problemática de forma directa. Moi ó contrario, na súa función de dinamizadoras e promotoras culturais, nalgúns casos cun papel principal, son tamén prexudicadas con esta medida.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal desta **MOCIÓN** para instar ó Goberno de España a:

1.- Reconsiderar a subida do IVE para os bens e actividades culturais, volvendo a aplicar un tipo máis reducido, en consonancia cos que se están a aplicar no resto dos países da Unión Europea..>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo está a favor da baixada e da eliminación do IVE. Indica que o país está creando mundo de excluído, onda a cultura é crear mundos posibles. Intentan meter a cultura en cintura para que a xente non poida navegar e buscar horizontes.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que ao se grupo lle parece ben o sentido da moción. O Goberno reconsiderarao na medida que a economía o permita e tivo que tomar a decisión pola situación na que quedou o país, despois do goberno do PSOE. Que están dispostos a apoiar a moción sempre que se inclúa na medida en que a situación económica o permita.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo vai apoiar a moción. Indica que o seu grupo xa ten presentado varias mocións neste sentido. Dí que aínda non será desta cando o Goberno adopte as medidas. Que será preciso cambiar de Goberno para baixar o IVE dos libros e dos produtos das necesidades básicas.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, aprobándose por unanimidade, cos votos a favor do total dos 17 concelleiros presentes que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula os seguintes Rogos:

R.1.- en canto ao formato dos rogos dí que non van a seguir participando, senón se contestan no momento. Que se fai un rogo e para que teña resposta no momento. Dí que hai que racionalizalos pero neste formato eles non van participar.

O alcalde respóstalle que o grupo de Rianxo en Común-Son, máis que un rogo fai unha moción. Que se intenta responder.

R.2.- sobre a valoración dos 100 días de goberno, sorpréndelle que aínda non lle ofreceran un espazo de traballo. Non queren un espazo exclusivo, sería para unhas horas á semana, cunha meswa, silla, impresora, wifi. Que poden compartir con outro grupo ou asociación. Que pode ser no auditorio.

O alcalde dí que se lle dará ao grupo o espazo que solicita. Indique que o seu grupo tivo espazo para facer asembleas. Non é común que o concello dea os espazos pero que se acondicionar un espazo de traballo para os grupos.

R.3.- en canto ao compromiso de transparencia, éste podería traducirse en que calquera veciño supera o que sucede no concello. Que deben adoptarse medidas neste sentido. Que as Actas dos Plenos e da Xunta de Goberno do concello do ano 2015 deberían estar colgadas para que os veciños as poidesen consultar dende a casa e que hai que facelo ten tempo.

O alcalde dí que se foron colgando as actas na medida do posible. Verán a Xunta de Goberno pero hai que ter en conta que non se poden incluír os nomes e que hai que mirar que non se colen os datos, xa que hai unha parte que non se pode facer pública a información.

R.4.- sobre a escola infantil, que non ten implicacións económicas significativas. Vivimos nun país sen nenos e as familias non dispoñen de recursos para telos. Hai unha falta de cariño aos nenos por non ter arranxado o da escola infantil. As familias non poden ir deixar os nenos. Teñen que ir saltando por enriba dos caldeiros, non teñen porta, etc. Sabe que tamén é problema do Consorcio pero que solicita á Alcaldía a adopción de medidas.

O alcalde toma nota.

R.5.- En canto á transparencia e inventario, hai unha queixa polas asociacións no uso de espazosdo concello. Pide que se faga un inventario de edificios públicos e usos que teñen para evitar agravios

O alcalde indica que se concrete a que Asociación se lle denegou o espazo. O 95% das asociacións teñen espazos públicos a súa disposición. Poucas foron denegadas. Que se pode facer unha relación e que as asociacións que se sintan agravadas o indiquen para correxir a situación. Que se intenta que todo o mundo teña o seu espazo.

R.6.- Sobre o muro que hai na recta de Abuín con dirección á Leiro á man dereita da estrada, con ferros á vista e que houbo un accidente alí no ano 2013. O concello deixou o muro empezado. Dí que se é de un particular que intentes arranxalo.

O alcalde toma nota.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula as seguintes preguntas:

P.1.- Xestión da auga. Nos vindeiros meses temos que falar do tema, pois en xuño de 2016 remata o contrato. A auga e o saneamento é un dereito humano que se debe garantir. Deben xestionarse desde o público para que supoña un aforro para os veciños. ¿Teñen pensado que a xestión da auga sexa pública a partir do 2016?. ¿Teñen valorado as instalacións e o todo gasto de persoal para afrontalo?. ¿Sabem que hai accións ás que a empresa está comprometida por contrato e que non están feitas?.

O Alcalde indica que sí teñen que falar cos grupos porque ten consecuencias grandes a xestión pública. Indican que son cantidades grandes para os recursos municipais xa que non se trata de probar se o concello é capaz de asumilo. Algún concello ten reclamacións importantes, coma o caso de Teo. Dí que o servizo ten traballadores e que teñen que ser subrogados polo concello. Tamén que no momento que se retire será acollido polo concello e que hai que ter en coanta o persoal e valorar todo. Manifesta que se fará en conxunto con todos os grupos.

P.2.- ¿Temos feito algo do Centro de día?. 100 días é pouco tempo, pero para unha muller cuidadora dun dependente é moito tempo.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.3.- ¿Que foi do intento de creación dun Consello escolar municipal? ¿Hai outra ferramenta que serva para esa fin?.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.4.- ¿Teñen pensado nalgún traballo para limpeza de cunetas?.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.5.- En canto ao asfaltado preelectoral de 25 pistas, ¿ten informe positivo dos técnicos? Quedou mal e hai queixas da xente.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, formula os seguintes rogos:

R.1.- Que se arreglen as averías do alumeadado público o antes posible.

O alcalde toma nota.

R.2.- Que se habiliten zonas de aparcamento perto da iglesias para os familiares nos enterros.

O alcalde toma nota .

R.3.- Que se usen os pesticidas por parte do persoal do concello en zonas concretas por ser perigoso para a saúde.

O alcalde toma nota.

R.4.- *Que se revisen os anclaxes dos contenedores.*

O alcalde toma nota.

R.5.- *Que se realice máis vixianza nas obras de peches por non gardar distancias regulamentarias .*

O alcalde toma nota.

R.6.- *Que se proceda ao arranxo dos parques infantís que estean en mal estado. En Quintáns feríuse unha nena.*

O alcalde toma nota.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, José Norberto Uzal Tresandi, formula os seguintes rogos

R.1.- *O aparcamento da praza da Virxe de Guadalupe está utilizándose como aparcamento público, débese regularizar situación con convenios cos propietarios.*

O alcalde toma nota.

R.2.- *Sobre a limpeza de cunetas, dí que os restos das cortas de herba van para as cunetas e agora están obstruídas.*

O alcalde toma nota.

R.3.- *As fontes da Martela perden auga.*

O alcalde toma nota.

R.4.- *Aos Clubes e Entidades as subvencións páganse con retraso.*

O alcalde toma nota.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, José Norberto Uzal Tresandi, fai as seguintes preguntas:

P.1.- *Administración dos perfiles públicos nas redes sociais, en twiter e facebook?.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.2.- *Sobre a orde de demolición por sentenza do edificio da Rúa Arcos Moldes por ilegalidade urbanística. Solicitan infofme sobre o tema. .*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

O Alcalde dí que para a semana farase unha xuntaza co apoio dos grupos en canto ao tema dos refuxiados e do alumeadado público. E que intentará ser máis concreto nos próximos rogos.

Sendo as 21:10 Horas ábrese a quenda de rogos e preguntas para o público asistente.

Por unha persoa do público asistente, indícase que hai un cabalo á intemperie no lugar de Tronco e rógase que se adopten as medidas necesarias para evitar esta situación, xa que está próxima a época de choivas.

Tamén pregunta se o concello aínda segue chamando á empresa Servigal para que recolla os cans abandonados? Indica que a referida empresa mata os cans aos 20 días de recollelos e eso é un maltrato animal. Roga que non se avise máis á referida empresa.

Por outra persoa do público asistente, tamén se fai un reproche á corporación pola axuda que o concello vai prestar aos refuxiados, indicando que en Rianxo tamén hai persoas necesitadas e non se axudan nin se lles facilita traballo.

Polo Alcalde explícase o proceso para acceder a traballar nas brigadas do concello e indícalle que se mira por todos en igual.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:20 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria accidental.

Adolfo Muíños Sánchez

Vicenta A. Campaña Martinez